



www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Febre mediterránea familiar (FMF)

Versión de 2016

3. VIDA COTIÁ

3.1 Como pode afectar a enfermidade á vida cotiá do neno e da súa familia?

O neno e a súa familia experimentan unha maior angustia antes de que se diagnostique a enfermidade. O neno necesita acudir frecuentemente a consulta debido á dor abdominal, torácica e articular intensa. Algúns nenos sométense a intervencións cirúrxicas innecesarias debido a un diagnóstico erróneo. Tras realizarse o diagnóstico, o obxectivo do tratamento médico debe ser conseguir unha vida case normal tanto para os proxenitores como para o neno. Os pacientes de FMF necesitan tratamento médico regular para sempre, o que pode facer que o cumprimento do tratamento coa colchicina poida ser baixo. Isto coloca o paciente en risco de desenvolver amiloidose.

Un problema significativo pode ser a carga psicolóxica do tratamento para sempre. O apoio psicosocial e os programas de educación para os proxenitores e o paciente poden ser de grande axuda.

3.2 Que ocorre coa escola?

Os ataques frecuentes ocasionan grandes problemas na asistencia escolar e o tratamento con colchicina mellorará este problema.

A información acerca da enfermidade na escola pode ser útil, en especial para aconsellar sobre que facer en caso dun ataque.

3.3 Que ocorre cos deportes?

Os pacientes con FMF que estean a recibir tratamento para sempre con

colchicina poden practicar o deporte que desexen. O único problema poderían ser os ataques de inflamación articular prolongada, que poderían limitar o movemento das articulacións afectadas.

3.4 Que ocorre coa dieta?

Non existe ningunha dieta específica

3.5 Pode influír o clima na evolución da enfermidade?

Non.

3.6 Pode vacinarse ao neno?

Si, o neno pode vacinarse

3.7 Que ocorre coa vida sexual, o embarazo e a anticoncepción?

Os pacientes con FMF poden presentar problemas de fertilidade antes do tratamento con colchicina pero unha vez que se receitou este fármaco, este problema desaparece. Ás doses utilizadas durante o tratamento é moi raro que se produza un descenso no número de espermatozoides. As pacientes non deben deixar de tomar colchicina durante o embarazo nin a lactancia.